



Herald Toupeiras • Central Sindical Independente e de Funcionarios



**HT**  
Herald Toupeiras  
Estamos X ti



# News Semanais

*Do 25 ao 30 de abril*

# 2016

# INDICE:

- [1. REDESEÑAMOS O PORTAL DO HERALD TOUPEIRAS PARA FACELO MÁIS VISUAL, CLARO E INTUITIVO](#)
- [2. ACLARACIÓN Á NOTA DESINFORMATIVA DA CIG...](#)
- [3. FARMACÉUTICOS INSPECTORES DE SALUD PÚBLICA DENUNCIAN QUE LA XUNTA "DESCUIDA" LA GESTIÓN DE LA SANIDAD AMBIENTAL](#)
- [4. NOTA INFORMATIVA DA COMISIÓN DE PERSOAL - 27 DE ABRIL](#)
- [5. NOTA INFORMATIVA DA 2ª REUNIÓN PARA A MODIFICACIÓN PARCIAL DA RPT DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA - 26 DE ABRIL](#)
- [6. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA](#)
- [7. OUTRAS NOVAS: SPDCIF, CURSOS AGASP, PRAZAS RESIDENCIAS XUVENÍS](#)
- [8. THE WEEKLY PRESS](#)
- [9. MANIFIESTO DEL DÍA MUNDIAL DE LA SEGURIDAD Y SALUD. 28 ABRIL 2016](#)





sumando



## 1. REDESEÑAMOS O PORTAL DO HERALD TOUPEIRAS PARA FACELO MÁIS VISUAL, CLARO E INTUITIVO

**A nova web, que se enmarca no proceso de modernización das nosas ferramentas de comunicación, inclúe a información de maior interese para os empregados públicos**

No noso proceso de modernización das ferramentas de comunicación cos empregados públicos, en CSI-F Galicia acabamos de redeseñar a web centrada na información máis específica do seu sector autonómico, o portal Herald Toupeiras. Esta actualización é o paso seguinte á renovación da web de CSI-F Galicia, que publicamos hai apenas unhas semanas.



O obxectivo é impulsar de xeito máis claro, visual e intuitivo toda a información de interese para os traballadores da Xunta co obxectivo de que poidan atopar da maneira máis sinxela as novidades das reunións cos representantes da Administración Galega, cun calendario para seguir as datas e os temas a tratar, así como coñecer as posturas do sindicato en defensa dos empregados públicos nos diferentes ámbitos, as novas sobre emprego e os procesos selectivos e información e documentación sobre seguridade laboral. Ademais, creáronse apartados para os entes instrumentais, para os boletíns das News Semanais e para as ofertas de acción sindical para os afiliados e afiliadas, entre outros.

Contemplamos esta nova web como un elemento que estará en constante actualización, e estamos abertos as vosas suxerencias en canto aos temas que que creades que poidan ser de maior interese.

Aproveitamos para lembraros que tamén nos podedes seguir nas redes sociais Facebook (Herald Toupeiras ) e Twitter (@HeraldToupeiras).



## 2. ACLARACIÓN Á NOTA DESINFORMATIVA DA CIG...

### ... SOBRE A PRESENTACIÓN DE CONFLITO COLECTIVO CONTRA AS PRAZAS DA OPE-2016 DO PERSOAL LABORAL DA XUNTA DE GALICIA:

**É certo** que a demanda da CIG vai contra o acordo asinado o 24 de febreiro de 2016, por CCOO, CSIF e UGT.

**É certo** que o acordo asinado deixa sen efecto, para a OPE-2016 do persoal laboral, o artigo 9 do Convenio Único, pero para melloralo e amplialo.

**É certo** que a disposición 11ª do V Convenio Colectivo U (disposición que debera coñecer a CIG), establece que: "o disposto neste convenio poderá alterarse ou modificarse pola aplicación de pactos que poidan subscribirse entre a Administración e as organizacións sindicais cando no contido se faga referencia ao persoal laboral suxeito ao dito convenio".

**É certo** que a Lei de orzamentos do Estado 2016 prohíbe a superación da taxa de reposición de efectivos establecida na mesma, en todo o Estado (incluída Galicia), co que faría ilegal calquera OPE que non a tivese en consideración.

Polo tanto, e en atención ao anterior:

**Non é certo** que o acordado sexa ilegal ou polo menos nestes momentos non o é, pois duplicar as prazas ofertadas, xa supón mais que a acumulación que preveía o artigo inicial (xa nos gustaría que en tódalas OPEs, incluídas as do persoal funcionario, se puidesen duplicar as prazas como nesta ocasión).

**Non é certo**, que con esta modificación puntual, se eliminen as prazas de promoción interna, todo o contrario se duplican as de promoción interna e as de acceso libre (cando se acumulan a fase de acceso libre é cando se lle resta precisamente o 50%, que foi o que se mellorou co acordo).

**Non é certo** que non houbese negociación coas organizacións sindicais que están lexitimadas para facelo (entre elas estivo sempre presente a CIG), pois non só é competente o Comité Intercentros para negociar, tamén o son os sindicatos. Na citada negociación a CIG aceptou o compromiso da Administración de ofertar na próxima OPE as vacantes dos grupos e categorías non ofertadas na OPE 2016.

**Non é certo** que non se constituirá unha comisión negociadora, pois seguíse o mesmo criterio que para outros acordos (que a CIG non impugnou).

**É certo** que non se publicou o acordo, pero si as consecuencias do acordo, polo que ese "trámite formal" aínda se pode corrixir.

**Non é certo** que o acordo infle a OPE, pois todos os sindicatos nos opuxemos a mesma, por insuficiente e por outros moitos motivos, pero o que non se pode negar é que o acordo favorece ao persoal de promoción interna e ao persoal de acceso libre, ao multiplicar as prazas por 2.

**E certo** que a submisión da CIG aos ditados políticos partidistas nunca favoreceu os intereses xerais dos traballadores/as, pero con esta demanda aínda quedan en mais evidencia. Parece que o único que lles preocupa ....

Grazas a súa "colaboración vergoñenta" temos ao persoal do Consorcio e ao de SEAGA sen convenio colectivo e sen regulación das condicións de traballo, despois de 8 anos desde a súa creación, a pesar de ter unha super-maioría sindical nos mesmos.

**A demagogia e a manipulación é unha sinal inequívoca da CIG, porque forma parte do seu ADN, pero resulta mais lamentable cando se utiliza para agochar as propias eivas sindicais que acumulan nestes anos atrás, e que evidencian que cada vez son mais unha correa de transmisión de intereses alonxados dos traballadores/as Galegos.**

**Dende CCOO, CSIF e UGT esiximos a retirada deste conflito colectivo**, pois a simple presentación do mesmo xa causou o primeiro dano, paralizar a negociación das bases deste proceso selectivo, intranquilizar ao persoal de promoción interna e preocupar aos opositores de acceso libre, pero de prosperar serían moito mais graves as consecuencias, porque **se reducirían a metade as prazas ofertadas para o persoal laboral, e seguiríamos sen que se convocasen tódalas prazas, sen promoción interna real, etc.**

### 3. FARMACÉUTICOS INSPECTORES DE SALUD PÚBLICA DENUNCIAN QUE LA XUNTA "DESCUIDA" LA GESTIÓN DE LA SANIDAD AMBIENTAL

EL CORREO GALLEGO - SANTIAGO E.P.

El colectivo de los farmacéuticos inspectores de salud pública han denunciado que la Xunta "descuida" la gestión de la sanidad ambiental, poniendo en peligro la salud de la población gallega.

"La incapacidad de la Xunta de Galicia para organizar y gestionar correctamente el cuerpo de farmacéuticos inspectores de salud pública, dependientes de la Consellería de Sanidade, deja expuesta a la población gallega a graves riesgos para la salud", ha denunciado dicho cuerpo en un comunicado.

En este sentido, ha explicado que "un claro ejemplo" son "los brotes de legionelosis en residencias de la tercera edad en Lugo", "la contaminación del agua de consumo por trihalometanos en Ferrolterra" y "la intoxicación de más de 100 personas pertenecientes a dos clubs de baloncesto en O Salnés el último fin de semana de marzo".

"Pero la realidad es aún peor si cabe, ya que, a pesar de ser obligatorio, la mayoría de las situaciones de riesgo para la salud no son comunicadas a la población", ha precisado el cuerpo de farmacéuticos inspectores de salud pública.

A este respecto, ha señalado que, así, "es habitual que la población desconozca la existencia de abastecimientos que suministran agua no apta para el consumo; piscinas que incumplen los parámetros de calidad del agua; zonas de baño contaminadas sin ningún tipo de señalización ni vigilancia; colegios, guarderías, balnearios y termas públicas sin control sanitario; tanatorios ilegales; casos de legionelosis e infinidad de fuentes públicas y traídas vecinales que no están sometidas a ningún tipo de análisis ni vigilancia".



#### "FALTA DE ORGANIZACION Y DE MEDIOS"

Estas situaciones evidencian, a juicio de este cuerpo, la "falta de organización y de medios humanos y materiales" que garanticen una "adecuada vigilancia" de la salud pública.

En esta misma línea, han explicado que cuando se reestructuró el cuerpo de farmacéuticos inspectores de salud pública en 2006, este colectivo contaba con "100 plazas", de las que, en la actualidad, "sólo están cubiertas 62". "Para paliar este desproporcionado recorte en personal, la Xunta decidió ir disminuyendo paulatinamente la frecuencia y la cantidad de inspecciones, lo que agrava aún más si cabe las situaciones de riesgo que sufre la población gallega", ha agregado.

De igual modo, este colectivo ha denunciado los "equipos obsoletos" de los que dispone, que, en "muchos casos", "no cumplen la normativa actual".

"Todo esto evidencia la situación de abandono en la que está sumida la salud de la población gallega, sin que la Xunta de Galicia ponga los medios necesarios para remediarlo", ha zanjado este colectivo.

## 4. NOTA INFORMATIVA DA COMISIÓN DE PERSOAL - 27 DE ABRIL

A **Comisión de Persoal** de do pasado 27 de abril, centrouse na aprobación do **Protocolo para a prevención, a detención, a actuación e a resolución de situacións de acoso laboral e outras discriminacións no traballo na Administración Autónoma de Galicia**.

O texto, froito dunha produtiva negociación cos responsables da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza, foi **aprobado** co voto a favor das catro organizacións sindicais. Durante a xuntanza o Vicesecretario Xeral da Consellería de Presidencia, transmitiunos o agradecemento da Secretaría Xeral Técnica pola vontade de negociación mostrada polas organizacións sindicais ao longo do proceso.

A **única modificación** introducida no texto foi no punto 11 do Protocolo, que inclúe a creación dunha comisión mixta de **composición paritaria**, integrada por representantes da Administración e das organizacións sindicais, encargada para levar a cabo o seguimento e control das actuacións derivadas da aplicación do presente protocolo, así como, se é o caso "trasladar á Secretaría Xeral Técnica da VCPAPX e ao Comité de Intervención as propostas de revisión".

Por outra banda, na rolda de intervención, todas as organizacións sindicais requirímoslle ao Director Xeral de Función Pública que leve á próxima mesa xeral, convocada para este venres a **reclamación lexítima do persoal FISP** para a súa negociación e discusión no marco da Mesa Xeral de negociación de empregados públicos. O director contestounos que este tema debería levarse a negociación coa modificación global da RPT de Sanidade.

Dende a CSI•F entendemos que é un tema importante e que require unha vontade de solución por parte da Administración. O persoal farmacéutico-inspector de saúde pública, reclama lexítimamente nun incremento de nivel que o equipare ao resto do persoal inspector, e que debe ser prioritario para a Administración.

Ademais da aprobación do dito protocolo, recibimos información sobre os seguintes asuntos:

1. **Concurso de traslados de corpos de administración xeral:** neste momento non hai cambios nas previsións para a resolución do concurso, polo que mantense a previsión para a súa resolución dentro do prazo máximo dos seis meses dende a relación definitiva de admitidos e excluídos. Neste momento estanse ordenando as reclamacións por temas, e o director xeral de función pública entende que se está en prazo.
2. **Comisión de seguimento de vacacións, permisos e licenzas:** ante a situación que se está a vivir en moitos centros dependentes de Política Social, entendemos que é urxente a súa constitución. Aínda que non temos data para a dita constitución e primeira xuntanza, o director confirmounos que podería ser a próxima semana
3. **Integración de TURGALICIA:** CC.OO. volveu a insistir en que Función Pública poña data para o comezo da negociación do proceso de integración de TURGALICIA. Aínda que entendemos que hai outros procesos de integracións xa en marcha que deberían resolverse antes, o director comprometeuse a averiguar como está a situación en TURGALICIA e dar unha resposta a este requirimento.
4. Dende a CSI•F interesámonos polo **proceso de integración de GAIN** que sí está xa em marcha e xenera inqueda entre o persoal que xa solicitou a súa integración. Dende Función Pública contéstannos que están pendentes da proposta da Consellería de Economía, emprego e industria. A representante da dita consellería presente na xuntanza, non quixo especificar prazos, pero recalcou que se está a analizar a documentación presentada polos interesados no proceso de integración, e que se remitirá a correspondente proposta á dirección xeral de Función Pública nas próximas semanas.



5. Outro **proceso de integración** pendente é o do persoal de **XESTUR**: por parte de función pública dinnos que os representantes de persoal de XESTUR estaban mantendo unha xuntanza coa dirección da empresa nese mesmo día, 27 de abril, e que na mesma se poñería no seu coñecemento un borrador de orde de integración para poñer en marcha o proceso de negociación.

Santiago de Compostela, 27 de Abril de 2016

## 5. NOTA INFORMATIVA DA 2ª REUNIÓN PARA A MODIFICACIÓN PARCIAL DA RPT DA CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA - 26 DE ABRIL

Na xuntanza mantida o pasado martes, 26 de abril, co S.X. Técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, informounos dunha serie de modificacións respecto da información proporcionada para a anterior xuntanza:

**1. Comunícanse dúas novas amortizacións:** un posto base do Subgrupo A1, na Dirección Xeral de Patrimonio Cultural para a súa provisión por un/unha licenciado/a en Dereito e outro de nivel 20, na Xefatura Territorial da Coruña, ambos vacantes. Coa amortización destes dous postos e cun pequeno remanente das amortizacións xa anunciadas, **créanse outros dous postos:**

- Unha **xefatura de sección** (aberta aos subgrupos A1 e A2) de nivel 25 no Arquivo Dixital de Galicia, co fin de xestionar o proxecto do arquivo dixital, financiado pola Unión Europea.
- 
- Un **posto base de arqueólogo** na D.X. do Patrimonio Cultural, para a tender ás novas responsabilidades que se derivan da nova Lei do Patrimonio Cultural, aprobada onte no Parlamento

2. Amortizarase unha praza de garda de monumentos, e se creará unha parella na Biblioteca de Lugo, para regularizar a situación do traballador que ocupa esta praza e que viña prestando servizos xa na Biblioteca. Nesta praza incluírase como observación a "Xornada de mañá ou tarde".

Polo demais non houbo **ningunha outra modificación** con respecto á memoria inicial e ao que solicitamos, principalmente a **retirada das amortizacións** previstas e da modificación da xornada de traballo do colectivo de traballadores de Bibliotecas.

Ante a insistencia pola nosa parte da **retirada dos cambios introducidos na xornada do persoal laboral e do persoal funcionario que presta servizos nas diferentes Bibliotecas de Galicia**, o S.X.Técnico optou por retornos coa retirada da mellora proposta para o para as prazas de técnicos/as medios/as de bibliotecas, arquivos e museos. Esta previsión que afecta a un total de 55 postos en toda RPT e que supón o incremento do nivel actual destes traballadores do 16 ao 18, non pode ser empregado como moeda de cambio para prexudicar a outro grupo de traballadores que ven modificadas as súas condicións de traballo e sen compensación algunha, en termos retributivos para o persoal funcionario.

Santiago de Compostela, 27 de abril de 2016.



## 6. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

### [CONCELLO DE ARZÚA - 26 DE ABRIL](#)

Anuncios de bases para seleccionara os seguintes postos:

1 Axente TIC: Titulación mínima de Formación Profesional de Grado Superior

1 Educador familiar: Estar en posesión dalgunha das seguintes titulacións: Grao en educación social ou equivalente; Grao de mestre ou mestra de educación infantil/primaria ou equivalente; Grao en traballo social ou equivalente; Grao en pedagogía ou equivalente; Grao en psicoloxía ou equivalente; Grao en socioloxía ou equivalente; Máster en psicopedagogía ou equivalente.

O prazo de presentación das solicitudes é de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no DOGA.

### [CONCELLO DE BALTAR - BOP OURENSE, 28 ABRIL](#)

Convocatoria para a contratación laboral temporal dun (1) auxiliar de axuda no fogar.

O prazo de presentación de instancias é de cinco días naturais, contados dende o seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

### [CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS - BOP OURENSE, 25 DE ABRIL](#)

Bases e convocatoria do proceso de selección para a contratación laboral temporal, a tempo parcial, dun/dunha técnico/a para o Departamento de Servizos Sociais mediante o sistema de concurso-oposición.

#### TITULACIÓN

Estar en posesión da titulación universitaria de licenciatura ou grao en Psicoloxía, Pedagogía, Socioloxía, licenciatura en Psicopedagogía ou diplomatura ou grao en Educación Social e estar en posesión do permiso de conducir clase B.

#### PRAZO

Sete días hábiles contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria.

### [CONCELLO DO BARCO DE VALDEORRAS - BOP OURENSE, 30 DE ABRIL](#)

Bases e convocatoria do proceso de selección para a ampliación da bolsa de traballo para a categoría de auxiliar de axuda no fogar para posibles coberturas temporais.

O prazo de presentación das solicitudes é de sete días hábiles, contados a partir do seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.

### [CONCELLO DE BURELA - BOP LUGO, 25 DE ABRIL](#)

Convocatoria e bases reguladoras do proceso de selección para a cobertura como persoal laboral temporal dun/dunha auxiliar administrativo/a adscrito/a á biblioteca pública municipal.

**O prazo de presentación de solicitudes é de 8 días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.**

### [CONCELLO DE CALVOS DE RANDÍN - BOP OURENSE, 29 DE ABRIL](#)

Convocatoria para a contratación laboral un administrativo, un condutor operador de maquinaria forestal, un condutor operador de retroescavadora e un xefe de equipo de obra (capataz), mediante o concurso de méritos.

**O prazo de presentación de solicitudes é de tres días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.**

## [CONCELLO DA ESTRADA - BOP PONTEVEDRA, 29 DE ABRIL](#)

Bases para cubrir en réxime de interinidade das seguintes prazas:

- 1 Arquitecto adscrito ao dpto. urbanismo
- 1 Auxiliar administrativo para o dpto. administrativo

O prazo é de 10 días hábiles, contados a partires do día seguinte ao da publicación da convocatoria no BOP.

## [CONCELLO DA GUARDA - BOP PONTEVEDRA, 27 DE ABRIL](#)

Bases de contratación de dous auxiliares da policía local

O prazo de presentación de solicitudes será de dez días naturais a partir do seguinte ó da publicación deste anuncio.

## [CONCELLO DE MEAÑO - BOP PONTEVEDRA, 29 DE ABRIL](#)

Oferta de emprego público 2016

Persoal laboral fixo: Operario encargado de obras e servizos municipais.

## [CONCELLO DE MOAÑA - BOP PONTEVEDRA, 29 DE ABRIL](#)

Oferta de emprego público 2016

Persoal funcionario: Administrativo, C1 (Provisión por promoción interna e concurso – oposición).

## [CONCELLO DE PADERNE DE ALLARIZ - BOP OURENSE, 29 DE ABRIL](#)

Convocatoria para a contratación laboral dun (1) chofer de máquina-rozadora mediante o sistema de concurso-oposición.

O prazo de presentación de solicitudes é de cinco días naturais contados dende o día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

## [CONCELLO DE RIBADEO - DOG, 26 DE ABRIL](#)

Anuncio da convocatoria dun posto de técnico de administración xeral, con carácter de funcionario interino.

O prazo para presentación de solicitudes será de **vinte (20) días naturais** contados a partir do seguinte a aquel en que apareza publicado o extracto de convocatoria no DOG.

## [CONCELLO DE SARRIA - BOP LUGO, 28 DE ABRIL](#)

Convocatoria para o acceso á Bolsa de Emprego de Camareira Limpiadora

### OUTROS REQUISITOS

Estar en posesión do Graduado Escolar ou Certificado da E.S.O.

Ter realizado o curso de Manipulador de Alimentos .

Curso de Limpeza e hixiene.

Estar en posesión do carné de conducir clase B, e dispoñibilidade de vehículo para as necesidades do servizo.

### PRAZO

días seguintes á publicación do anuncio da presente convocatoria no BOP

## [CONCELLO DE VALADOURO - BOP LUGO, 30 DE ABRIL](#)

Bases específicas para os procesos selectivos dos seguintes postos de traballo:

- 2 postos de condutor
- 2 postos de operario
- 7 postos de peón agrícola

## [CONCELLO DE VIGO - BOP PONTEVEDRA, 27 DE ABRIL](#)

Oferta de emprego público 2016

- a) Persoal funcionario - 41 prazas, trinta e unha delas pola quenda libre
- b) Persoal laboral - 17 prazas

## [CONCELLO DE XOVE - BOP LUGO, 27 ABRIL](#)

Bases específicas para a selección de persoal laboral fixo por promoción interna polo sistema de concurso - oposición.

### REQUISITOS TITULACIÓN

Estar en posesión da titulación de Graduado en ESO ou asimilado e e estar en posesión do CELGA 3.

## [DEPUTACIÓN DA CORUÑA - BOP CORUÑA, 29 DE ABRIL](#)

Convocatoria de proceso selectivo para elaborar unha lista de aspirantes a nomeamentos de funcionarios interinos e/ou contratacións laborais temporais para postos de técnico/a de xestión de proxectos (sugrupo A1) de administración especial.

O prazo é de 20 días naturais, contados a partir do seguinte ao da publicación das presentes bases no BOP.

## **7. OUTRAS NOVAS: SPDCIF, CURSOS AGASP, PRAZAS RESIDENCIAS XUVENÍS**

### [CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL - DOG, 27 DE ABRIL](#)

Resolución do 20 de abril de 2016, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería do Medio Rural, pola que se convocan para a realización das probas físicas e de agudeza visual os integrantes das listas reguladas polo Decreto 5/2007, do 25 de xaneiro, polo que se modifica o Decreto 37/2006, do 2 de marzo, correspondentes a determinadas categorías de persoal laboral dos servizos de prevención e defensa contra incendios forestais e de persoal do Pladiga.

[Resolución do 21 de abril de 2016 pola que se convoca un curso sobre intervención en emerxencias para o persoal que supere o proceso selectivo para os grupos de emerxencia supramunicipais \(GES\) no ano 2016.](#)

[Resolución do 27 de abril de 2016 pola que se convoca un curso básico de auxiliares de policía local.](#)

O prazo de inscrición neste curso rematará o día 18 de maio de 2016.

[Orde do 18 de abril de 2016 pola que se convocan prazas nas residencias xuvenís dependentes desta consellería para o curso 2016/17.](#)

O prazo de presentación de solicitudes será un mes contado desde o día seguinte ao da publicación no DOG



## 8. THE WEEKLY PRESS

[CSIF reclamará el 1º de mayo una "regeneración democrática" de los sindicatos](#) TELECINCO

[CSIF denuncia que el sector público ha perdido más de 200.000 empleos desde 2011](#) BOLSAMANÍA

[La Generalitat ha contratado a 20.600 funcionarios en solo un trimestre](#) VOZPÓPULI

[A Xunta amplía en máis de medio millón a axuda anual aos medios de comunicación](#) GALICIA CONFIDENCIAL

[A Xunta destina outros 330.000 euros aos grandes medios nunha nova campaña publicitaria](#) GALICIA CONFIDENCIAL

[Xunta y sindicatos firman el plan para proteger a funcionarios que denuncien corruptelas](#) LA OPINIÓN A CORUÑA

[Facenda sigue adelante con las oposiciones de 2016 a pesar del recurso de la CIG](#) FARO DE VIGO

[Rajoy ordena a la Abogacía del Estado presentar el recurso contra las 35 horas para funcionarios en Castilla-La Mancha](#) LA SER

[Facenda ratifica la oferta de empleo y advierte que 266 plazas podrían quedar sin cubrir](#) LA VOZ DE GALICIA

[Fracaso general de los partidos](#) EL MUNDO

[La incapacidad de los partidos para pactar obliga a regresar a las urnas](#) EL PAÍS

[Pablo Iglesias desafía el código ético de Podemos al apoyar a la juez Rosell](#) EL MUNDO

[Los barones diseñan unas listas de afines para la «etapa post-Sánchez»](#) LA RAZÓN

[Manos Limpias se retira del caso Pujol y 'reset' electoral](#) CRONICA GLOBAL

[El fiscal usará causas contra Manos Limpias para librar a la Infanta](#) EL PAÍS

### Departamento Comunicación CSI-F Galicia

Rúa do Valiño, 65, baixo

15707 Santiago

Teléfono: 981 575 140

Nos puede seguir en Facebook (Herald Toupeiras) y Twitter (@HeraldToupeiras)

## 9. MANIFIESTO DEL DÍA MUNDIAL DE LA SEGURIDAD Y SALUD. 28 ABRIL 2016

La Central Sindical Independiente y de Funcionarios (CSI-F), sindicato más representativo de las administraciones públicas y con presencia creciente en el sector privado, conmemora este **28 de abril 2016 Día Mundial de la Seguridad y la Salud en el Trabajo** con el tema elegido por la OIT “**Estrés en el Trabajo: un Reto Colectivo**” centrándonos en las condiciones laborales con gran presión a las que se enfrentan los trabajadores para cumplir las exigencias de su vida laboral y el impacto al que se ven sometidos.

El Día Mundial de la Seguridad y la Salud en el Trabajo se celebra con el fin de promover la prevención de accidentes de trabajo y enfermedades profesionales en todo el mundo.

El 28 de Abril es también el Día Internacional en Memoria de los Trabajadores Fallecidos y Heridos en el que se honra la memoria de las víctimas de los accidentes de trabajo y las enfermedades profesionales. Estas **víctimas mortales** que en el año 2015 **aumentó a 608**, frente a los 580 accidentes mortales en el año 2014. En el presente año desgraciadamente llegamos a 106 trabajadores fallecidos, 30 más que en el mismo periodo del año 2015.

Tras analizar las Estadísticas de Accidentes Laborales del Ministerio de Empleo y Seguridad Social refleja cómo sigue siendo deficiente la aplicación de la prevención de riesgos laborales en España. El número total de accidentes de trabajo con baja en **2015 asciende a 518.988**, desde los 491.099 que se registraron en 2014. En comparación con los datos del año anterior, se producen subidas del **5,8% en los accidentes en jornada** y del **5,0% en los accidentes in itinere**. En lo que llevamos del año 2016 se han producido casi 190.000 accidentes de trabajo, lo que supone un 6,4 % más que en el mismo periodo de 2015.

Cifras de siniestralidad laboral que aumentan todavía más si se contabilizan las bajas por contingencias profesionales sufridas por los funcionarios públicos y gestionados a través de las mutualidades de funcionarios (MUFACE, ISFAS Y MUGEJU).

El **estrés relacionado con el trabajo** actualmente es por todos conocidos como un problema global que afecta en España a todos los profesionales, y a él se añaden el crecimiento del resto de riesgos psicosociales.

CSI-F con motivo de la conmemoración de este día, no quiere dejar en el olvido a ningún profesional y quiere dejar constancia de la situación laboral actual en la que muchas personas trabajan, unas condiciones laborales muy precarias. Todo ello es agravado por la crisis en la que estamos inmersos, y tiene unas consecuencias directas sobre los trabajadores, las plantillas sufren recortes continuos, no suplencia de bajas, prolongación de jornadas de trabajo, falta de recursos, .... generando situaciones de un nivel alto de estrés acompañado de una deficiente organización del trabajo.

Acercándonos más a cada uno de los sectores **¿Qué condiciones laborales nos encontramos?**

En los **juzgados y demás sedes judiciales** encontramos falta de digitalización de la documentación, despachos sin ventilación, con un sistema de climatización deficiente, con falta de espacio físico que obliga a trabajar hacinados entre expedientes, ya no solo se considera un problema de salubridad sino que es un factor ambiental de estrés laboral.

En las **oficinas de Correos** se trabaja con equipos de mantenimiento defectuosos que dificultan el trabajo, con tiempos de reparto no ajustados a los desplazamientos, que son un factor de riesgo de estrés y además de peligro desde la perspectiva de seguridad vial.

Existe una falta de equilibrio entre el trabajo y la vida personal, puesto que las **medidas de conciliación** en ocasiones no se ejecutan al 100%, sino que acaban siendo arbitrarias, dependiendo de los responsables de cada departamento.

La **grave situación de inseguridad** que viven cada día los empleados públicos de las oficinas de AGE (SEPE, TGSS, INSS, AEAT, etc.), de los centros de Instituciones Penitenciarias en los que cada día su vida está en juego, de los centros sanitarios...y que desde CSI-F llevamos años denunciando y luchando para erradicar las agresiones físicas y verbales, que los centros de trabajo sean un ejemplo de respeto y no de violencia.

Los tiempos mínimos de espera excesivamente cortos en la atención al ciudadano en las oficinas de la **Seguridad Social, SEPE o AEAT**, denotan que se priorizan los tiempos de espera a la calidad del servicio ofrecido, provocando consecuencias negativas tanto para el usuario como para el trabajador.

Los **trabajadores en el ámbito sanitario** han sufrido un aumento brutal de la presión asistencial, doblando turnos, sin respetar descansos, asumiendo otras funciones, alargando los horarios de permanencia en el trabajo, con el consiguiente ascenso de su nivel de estrés.

En los puestos específicos de **intervención** como pueden ser **policías, bomberos, y servicios de emergencias** sufren picos elevados de estrés por las actuaciones de su propia actividad además de tener amplias jornadas y nocturnidad, en las que sus ritmos circadianos se ven afectados.

En los **centros educativos** los principales factores estresantes sufridos son la conflictividad en las aulas, y la falta de autoridad moral de la figura del profesor, además de la precariedad ya mencionada.

Denunciamos **la falta de participación y consulta a los trabajadores**, se les ha **quitado protagonismo y legitimidad a la representación de los trabajadores al reducir el número de Comités de Seguridad y Salud**, e incluso mantener inactivos los creados.

CSI-F exige **solucionar esta situación**, que se apliquen medidas colectivas de evaluación y gestión de riesgos psicosociales, no es una situación emergente ya.

Es el momento de **adoptar medidas colectivas e individuales de prevención y control de los riesgos psicosociales** e involucrarnos a todas las partes empresa, administración, organizaciones sindicales y trabajadores, **avanzando desde la cooperación**.

CSI-F considera fundamental la prevención de los riesgos psicosociales y la protección de la salud mental de los trabajadores por ello abordará la problemática con su **nuevo proyecto CSIFAYUDA**.

Invita a todas las partes mencionadas a **sumarse al Bienestar de la Vida laboral** y **propone un cambio**, en el que en los mismos centros de trabajo en los que se generan estos riesgos psicosociales se aproveche para generar bienestar laboral.

CSI.F se posiciona como una alternativa de sindicato y promueve una reforma de la Ley Sindical, **ofreciendo otro modelo de representación que se ocupa de la seguridad y salud de los trabajadores** ante el sistema sindical 'bipartidista'.

Somos conscientes de las circunstancias que existen pero también de que **el trabajo forma parte de nuestros propósitos diarios**, que no tiene porqué gestionarse como una carga sino como un **elemento que da sentido a nuestra vida**. Por ello **promovemos la creación de una verdadera cultura de prevención en materia de seguridad y salud**, apostamos por **un clima de la organización saludable en el que podamos elegir nuestras claves para la gestión**. Mejorar **la capacidad de adaptación de los trabajadores** aumentando su **capacidad de control** sobre las tareas, forma parte de los enfoques colectivos preventivos.

[PULSE AQUÍ PARA ACCEDER A LA GUÍA](#)



# SÚMATE

## AL BIENESTAR DE LA VIDA LABORAL

### ELIGE TU CLAVE



## ESTRÉS EN EL TRABAJO: UN RETO COLECTIVO

28 DE ABRIL 2016

DÍA MUNDIAL DE LA SEGURIDAD Y SALUD EN EL TRABAJO



CSI-F Unión Provincial A Coruña  
Rúa Bugallal Marchesi, 5 - Entre chan, der.  
15008 A Coruña  
Tel. 981 134 113  
Fax: 981 060 324  
coruna@csi-f.es

CSI-F Unión Autónoma Galicia  
Rúa do Valiño, 65 - baixo  
15707 Santiago de Compostela  
Tel. 981 560 951 Fax: 981 575 140  
galicia@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Lugo  
Rúa Conde, 2 - Baixo posterior  
27003 Lugo  
Tel. 982 250 169 982 254 859  
Fax: 982 245 521  
lugo@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Pontevedra  
Rúa Marqués de Riestra, 18 - Entre chan  
36001 Pontevedra  
Tel. 986 896 900  
Fax: 986 896 901  
pontevedra@csi-f.es

CSI-F Unión Provincial Ourense  
Rúa Progreso, 145 - Entre chan  
32003 Ourense  
Tel. 988 241 111  
Fax: 988 213 538  
ourense@csi-f.es

[www.heraldtoupeiras.es](http://www.heraldtoupeiras.es)



2016

